

CONCELLO DE TOQUES (A Coruña)

Lugar de SOUTO.- C.P. 15806.-TOQUES (A Coruña)
NIF.- P-1508400G.-Tfno: 981 50 58 26.-Fax: 981 50 62 55

ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DA CORPORACIÓN CELEBRADA O DÍA TRECE DE XUÑO DE DOUS MIL QUINCE.-----

Na Casa Consistorial do Concello de Toques, sendo as doce horas do día trece de

Sres. Asistentes:

D. José Antonio Castro Fraga
D. Jorge F. Calvo Pestonit
Dna. Mónica Penas Gonzalez
D. Arturo Penas Prado
D. Miguel A. Bujan Varela
Dna. Vanesa Maria Peteiro Gonzalez
D. Tomás Liñeira García
D. Jose Angel Penas García
D. José Manuel Labandeira Puga

Secretario:

D. Antonio Mosquera Rodriguez

xuño de dous mil quince, en cumprimento do disposto nos artigos 195 e 196 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral e o artigo 37 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e ao efecto de proceder a celebrar a constitución do novo Concello de Toques, a vista do novo Concello de Toques, a vista dos resultados das Eleccións Municipais celebradas o día 24 de maio de 2015, para a renovación da totalidade dos membros das Corporacións Locais, reúnen os Sres. Concelleiros Electos a marxe enumerados, asistidos polo Secretario-Interventor que da fe ao acto.

1.- CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

FORMACIÓN DA MESA DE IDADE

Seguidamente polo Secretario da corporación, unha vez declarada aberta a sesión, dase lectura ao artigo 195 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réximen Electoral Xeral e, atendendo ao disposto neles, procédese a constituir a Mesa de Idade.

Para elo, o Secretario chama a cada concelleiro electo, aos efectos de acreditar a súa personalidade.

A mesa de idade queda integrada por D. Jorge F. Calvo Pestonit, de 62 anos, Concelleiro electo de maior idade, que a preside, e por D. José Manuel Labandeira Puga de 31 anos, Concelleiro electo de menor idade.

COMPROBACIÓNS PREVIAS A CONSTITUCIÓN DO CONCELLO

Constituída a Mesa de idade e habéndose tomado as medidas precisas según dispón o artigo

CONCELLO DE TOQUES (A Coruña)

Lugar de SOUTO.- C.P. 15806.-TOQUES (A Coruña)
NIF.- P-1508400G.-Tfno: 981 50 58 26.-Fax: 981 50 62 55

36.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, dáse conta de que Secretaría-Intervención puxo a disposición dos Sres. Concelleiros Electos a documentación referente aos xustificantes das existencias en metálico e valores propios da Corporación depositados nas Entidades Bancarias, e igualmente a documentación relativa ao inventario de Bens da Corporación.

Seguidamente o Secretario da Mesa, procede a dar lectura de todas as credenciais, que lle foron entregadas acreditativas da personalidade dos Concelleiros Electos, procedendo a comprobación das mesmas, e acreditando cada concelleiro electo a súa personalidade.

A continuación, comprobábase que todos os Concelleiros electos formularan as declaracións referidas no artigo 75.7 da Ley 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, invitando o Presidente da Mesa de Idade aos Concelleiros electos a que expoñan se lles afecta algunha causa de incompatibilidade sobrevida con posterioridade a súa declaración, sen que por parte deles se manifestara algunha.

Habida conta de que se cumpra a esixencia do artigo 195.4 da Ley Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral e 37.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidade Locais, e que concurren a esta Sesión a maioría absoluta dos Concelleiros Electos, procédese ao cumprimento do requisito legal previsto no artigo 108.8 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral de prestar xuramento ou promesa.

ACTO DE XURAMENTO OU PROMESA

Trala lectura polo Secretario do Concello do artigo 108.8 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, referido a toma de posesión dos Concelleiros Electos, procédese a nomear a todos os Sre. Concelleiros electos, a efectos de prestación do xuramento ou promesa.

O xuramento ou promesa realizábase utilizando a fórmula prevista no Real Decreto 707/1979, do 5 de xuño, do regulador da fórmula para toma de posesión de cargos ou funcións públicas: “Xuro (ou prometo) pola miña conciencia e honor, cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro do Excmo. Concello de Toques, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

A continuación o Secretario da Corporación procede nomear a cada un dos Concelleiros electos, lendo a fórmula persoalmente a cada un deles, manifestándose da seguinte maneira:

- D. José Antonio Castro Fraga (PP): Xura
- D. Jorge Francisco Calvo Pestonit (PP): Xura
- Dna. Mónica Penas Gonzalez (PP): Xura
- D. Arturo Penas Prado (PP): Xura
- D. Miguel Angel Bujan Varela (PSdeG-PSOE): Promete
- Dna. Vanesa Maria Peteiro González (PSdeG-PSOE): Xura

CONCELLO DE TOQUES (A Coruña)

Lugar de SOUTO.- C.P. 15806.-TOQUES (A Coruña)
NIF.- P-1508400G.-Tfno: 981 50 58 26.-Fax: 981 50 62 55

- D. Tomás Liñeira García (PSdeG-PSOE): Xura
- D. José Angel Penas García (BNG): Promete
- D. José Manuel Labandeira Puga (BNG): Xura

Habéndose dado cumprimento ao disposto no artigo 195 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, as 12:15 horas, o Presidente da mesa declara constituído o Concello de Toques tras as eleccións municipais celebradas o día 24 de maio de 2015.

ELECCIÓN DE ALCALDE

Posteriormente, o Secretario do Concello procede a lectura do artigo 196 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral e a elección do Alcalde-presidente da Corporación.

A) Proclamación de candidatos a Alcaldía

Tras elo o Presidente da mesa de idade, pregunta os concelleiros que encabezan as listas, se manteñen a súa candidatura a Alcalde ou a retiran, manifestándose no seguinte sentido:

- D. José Antonio Castro Fraga (PP)
- D. Miguel Angel Bujan Varela (PSdeG-PSOE)
- D. José Angel Penas García (BNG)

Seguidamente procédese a proclamar candidatos a Alcaldía do Concello.

Tras a proclamación de candidatos, procédese a votación obténdose o seguinte resultado:

- D. José Antonio Castro Fraga, candidato do partido PP: nº de votos 4
- D. Miguel Angel Bujan Varela, candidato do partido PSdeG-PSOE: nº de votos 0
- D. José Angel Penas García, candidato do partido BNG: nº de votos 5

En consecuencia e a vista do resultado da votación, ao ser o número de concelleiros de 9 e a maioría absoluta de 5, o Presidente da mesa de idade procede a proclamar Alcalde-Presidente da Corporación a D. José Angel Penas García cabeza de lista do partido BNG.

TOMA DE POSESIÓN

A continuación, de conformidade co artigo 18 do TRRL e artigo 40.2 do ROF, o Secretario procede a dar lectura a fórmula de acatamento a Constitución, según o seguinte literal: “Xuro (ou prometo) pola miña conciencia e honor, cumprir fielmente as obrigacións do cargo de Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Toques, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

Seguidamente, o alcalde manifesta da seguinte maneira: Prometo pola miña conciencia e honor, cumprir fielmente as obrigacións do cargo de Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Toques, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

CONCELLO DE TOQUES (A Coruña)

Lugar de SOUTO.- C.P. 15806.-TOQUES (A Coruña)
NIF.- P-1508400G.-Tfno: 981 50 58 26.-Fax: 981 50 62 55

Realizado o xuramento, D. José Angel Penas García a ocupar a presidencia da Sala e desolvendose a mesa de idade.

A continuación D. José Angel Penas Garcia, alcalde-presidente, toma a palabra e dirixe unhas palabras de agradecemento aos señores concelleiros.

Seguidamente cede o turno de palabra os respresentantes das distintas forzas con representación na corporación municipal, o cal é tomado polo concelleiro D. Miguel Angel Bujan Varela que tamen dirixe unhas palabras de agradecemento aos señores concelleiros.

Acto seguido, D. José Angel Penas García, alcalde-presidente do Concello levanta a sesión sendo as 12:25 horas de todo o cal eu, secretario, dou fe.